



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

DECRETO

Asunto: nomeamento de 2 peóns (PEL CONCELLOS 2025-obras).

Expediente: 2025/E001/000005 (programa subvencionado pola Deputación da Coruña).

Antecedentes:

Visto que por decreto nº 247/2025 de 20 de maio de 2025, aprobáronse as bases de selección, na modalidade de contratación laboral temporal de mellora da ocupabilidade e inserción laboral/ contrato vinculado a programas de activación para o emprego, de 2 postos de peóns de obras do concello de Cabana de Bergantiños, a xornada completa.

Visto que o día 23/05/2025 foi publicada a convocatoria no BOP da Coruña co nº 97 e na sede electrónica do concello, na que se concedían 4 días hábiles para a presentación de instancias.

Visto o decreto nº 304/2025 con data do 10/06/2025 de aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar da realización das probas, e vista a única acta do tribunal de selección, asinada por todos os membros do tribunal asistentes, do día 12 de xuño de 2025, que inclúe a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento dos postos convocados e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro: nomear como peóns de obras para o programa PEL-CONCELLOS 2025 aos candidatos seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
PEREZ BLANCO, JOSE	***0903**
AMADO FARIÑA, SANTIAGO	***6816**

Segundo: conceder un prazo de dous días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios presenten a documentación necesaria conforme ao establecido na base 9, para a súa posterior formalización de contrato baixo a modalidade de mellora da ocupabilidade e inserción laboral, vinculados a programas de activación para o emprego.

Terceiro: publicar este acordo no taboleiro electrónico de anuncios do Concello.

Cuarto: trasladar esta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

Dou fe,

A SECRETARIA

María Garrote López